

## **"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS URBANÍSTICAS"**

### **Artigo 1º.- Fundamento e natureza.**

No uso das facultades outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello estable a taxa por actividades urbanísticas, que se rexirá pola presente ordenanza fiscal, que nas suas normas atende ó previsto na Lei Xeral Tributaria.

### **Artigo 2º.- Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible desta taxa o outorgamento das licenzas urbanísticas esixidas pola normativa urbanística ou ben a actividade técnica e administrativa de control nos supostos en que la licenza fora sustituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

### **Artigo 3º.- Suxento pasivo.**

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiarias ou afectadas polos servizos ou actividades que preste ou realice a entidade local ós que se refire o artigo 2º anterior.

2.- Terán en todo caso a condición de substitutos do contribuínte os constructores ou contratistas de obras.

### **Artigo 4º.- Cuota tributaria.**

A cuota tributaria será a seguinte dependendo do tipo de trámite de que se trate:

- Para obras menores, segregacións e agrupacións: 60 €.
- Para obras maiores: 120 €.

### **Artigo 5º.- Exencións e bonificacións.**

Non se concederán máis exencións e bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou derivadas de aplicacións de tratados internacionais.

### **Artigo 6º.- Devengo.**

A presente taxa devengase coa concesión da correspondente licenza urbanística por parte do órgano competente do Concello de Barreiros, ou ben coa presentación da declaración responsable ou comunicación previa.

### **Artigo 7º.- Xestión.**

Cando se resolva de forma definitiva sobre a licenza solicitada, practicarase a correspondente liquidación, que se notificará ao interesado para o pago nos prazos legalmente establecidos mediante ingresos bancario en todo caso.

Nos casos en que o devengo se produza pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, a taxa esixirase en réxime de autoliquidación no momento de dita presentación.

### **Artigo 8º.- Infraccións e sancións.**

No concerniente ás infraccións e sancións, rexirá o disposto na Lei Xeral Tributaria.

### **Artigo 9º.- Disposición final.**

Esta ordenanza entrará en vigor o día da sua publicación íntegra no BOP e permanecerán en vigor ata a sua modificación ou derogación expresa."

## **"ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS PROCEDIMENTOS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NO EXERCICIO DE ACTIVIDADES E APERTURA DE ESTABLECIMIENTOS**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior e a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que incorpora ao Dereito español aquela, pretenden facilitar a liberdade de establecementos dos prestadores e a libre prestación de servizos simplificando os procedementos.

Así mesmo, a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio modifica o artigo 84 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, engadindo aos sistemas clásicos de intervención na actividade dos cidadáns por parte das entidades locais o da comunicación previa ou declaración responsable e o sometemento ao control posterior ao inicio da actividade.

Por iso o Real Decreto 2009/2009, do 23 de decembro, modifica o Regulamento de servizos das corporacións locais de 1955 de forma que o seu artigo 22.1 que suxeitaba a licenza a apertura de establecementos industriais